



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, integrante do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na comisión**, relativa ao canon anual que aboará REPSOL Petróleo S.A. cando se instale nas instalacións concesionadas do porto exterior da Coruña.

Para tentar deitar luz na sorte de opacidade que se estende respecto dos pormenores do acordo entre a Autoridade Portuaria de A Coruña (APAC) e a empresa REPSOL Petróleo S.A., este grupo require da Xunta de Galicia, con representación na APAC, os datos referidos ás previsións contidas no acordo referidas ao pago do canon da concesión unha vez se instale no porto exterior a devandita empresa.

Polo tanto, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Cal é o canon previsto no acordo asinado entre a APAC e REPSOL Petróleo S.A. que terá que aboar a empresa ao longo dos anos da concesión, incluída a prórroga e os seu reparto anual e os criterios para fixalo?

En Compostela, a 9 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:



Yolanda Díaz Pérez na data 09/02/2015 13:17:38